

Cuestión 16.- **O reformismo borbónico en Galicia**

Os Borbón impulsaron reformas no exército e na armada española co fin de superar a decadencia militar da segunda metade do XVII, modernizar e adaptar a súa organización ós cambios europeos e reforzar a posición de España no contexto internacional.

Na Mariña destaca a obra reformadora de José Patiño (Secretario de Estado de Felipe V) coa creación da Real Armada, unificando as distintas escuadras da época dos Austrias. Destaca tamén, a división da costa en Departamentos marítimos: Ferrol, Cádiz e Cartagena (1726), o establecemento en 1737 da matrícula do mar (sistema para á recruta obrigatoria de mariñeiros), o fomento da construción naval (barcos de guerra) e a mellora da preparación dos mandos da Armada coa creación da Academia de Gardamariñas (1776).

As repercusións destas reformas en Galicia foron importantes:

A matrícula de mar foi o sistema de recrutamento obrigatorio para a xente do mar -semellante ás "quintas" para o exército de terra-, co fin de dotar ós buques de tripulación competente. Consistía no rexistro (matrícula) de todos os varóns dedicados ó mar e das súas habilidades. Os matriculados quedaban exentos de quintas e de impostos municipais, pero podían ser chamados ó servizo á Armada ata cumprir os 60 anos. O elevado número de persoas relacionadas co mar fixo que Galicia aportase na segunda metade do XVIII o 25% do persoal da mariña.

Ferrol foi designada, en 1726, **capital do Departamento Marítimo do Norte**. A partir de 1746, co Marqués da Ensenada, ministro de Fernando VI, iniciouse a **construción dos estaleiros e do arsenal** que converteron Ferrol na principal cidade de Galicia (dos 2 000 habitantes de principios de século pasa a 25 000). Tamén se creou a **Academia de Gardamariñas**. O establecemento dos estaleiros e do Arsenal tivo un forte impacto en Galicia, debido á creación dun núcleo industrial nun territorio de economía esencialmente agraria. A chegada masiva de poboación obrigou a engadir ó núcleo orixinario, o Ferrol vello, os novos barrios de Esteiro (para acoller ós traballadores) e o da Magdalena (ocupado principalmente polos oficiais da Armada); de plano en cuadrícula, moi do gusto dos arquitectos ilustrados.

A apertura do comercio colonial con América. A eliminación do monopolio do comercio colonial exercido por Sevilla (no XVI) e Cádiz (no XVII) favoreceu a Galicia. No reinado de Carlos III estableceu en A Coruña o **Servizo de Correos Marítimos** (1764), unha compañía estatal de buques encargada de levar correspondencia unha vez ó mes ó porto de La Habana e máis tarde a Buenos Aires e Montevideo, que tamén podía transportar persoas e mercadorías (sempre que fosen de procedencia colonial ou peninsular), agás nos períodos bélicos nos que os barcos se transformaban en navíos de guerra. En 1765 o porto de A Coruña foi **autorizado para comerciar directamente con América**. Ambas concesións favoreceron o crecemento comercial da Coruña e a renovación urbanística e portuaria da cidade (restauración do vello faro romano da Torre de Hércules) e atraeron a comerciantes de fóra, especialmente cataláns e vascos. Pero a aprobación dos Decretos de liberdade de comercio (1778) rematou co monopolio comercial do porto coruñés con América e supuxo o declive da cidade.